

A GAIVOTA



Ola! O meu nome non importa demasiado. Pero quéroche contar unha pequena historia. Pode parecer moi tolo, pero nada máis que hai un ano non me gustaban as aves. Que digo, odiábaas.

Sempre voando, brincando e molestando na rúa...

Nese momento era setembro, un mes tranquilo, que todo renace outra vez. Tal é coma pasou comigo. A verdade é que case nin saio de casa, para que mentir? Pero neste caso, faltaban filloas. Esas riquiñas filloas da tenda de abaixo, coa fragancia de todos os ingredientes que non podes resistir a quedarte só vendo ao escaparate para poder irte tan feliz a túa casa. Estás obrigado a entrar e case comprar a tenda enteira.

Ao saír, non quería volver tan repentinamente ao meu piso. É... un pouco triste e só. Tampouco é coma se quixese cambiar o meu estilo de vida. Fun andando ata un monte ás aforas da cidade. Gústame perder o tempo alí, sen que ninguén moleste. Só eu... ou iso pensaba. Ao tumbar nunha rocha plana, unha gaivota rouboume unha filloa. Por que me pasa isto a min? Tiña fame. levantei de súpeto: - “Gaivota, non podes vir e facer iso. Respecta o meu espazo!”

A pequena ave só intentaba voar, por algunha razón non o conseguira. Vendo detidamente, era unha ave demasiado nova como para voar, pero era unha gaivota seguro. Sentei na rocha e deixei alí. Se vive soa ao menos que viva un día máis coa comida roubada. A gaivota deixou a filloa ao carón miña. Fíxenlle inconscientemente un sinal de que sentara preto miña e quedou comendo comigo. Todos os días acompañábaa no monte para que puidese alimentarse. Unha semana despois, estaba ela, pero detrás dunha gaivota adulta. A maior berroume e non volví máis alí, pero sen odiar máis as aves para o resto da vida.

Victoria Ivana Rodríguez Landeiro
3ºESO C

